

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

### GROVE, O

#### Ordenanzas e Regulamentos

#### *APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA DO SERVIZO DE TAXIS*

O Pleno municipal aprobou inicialmente a Ordenanza reguladora do servizo de taxis do Concello do Grove. Durante o prazo de exposición pública non se formulou reclamación ningunha contra esta, polo que resultou definitivamente aprobada e publícase o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia para que entre en vigor.

Editase para xeral coñecemento e faise constar que contra o acordo e a ordenanza aprobada se pode interpor un recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses, que comezarán a contar desde a data desta publicación.

#### **ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE TAXI DO CONCELLO DO GROVE**

Esta ordenanza propónse de acordo co disposto na disposición última terceira da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia e o artigo 25.2.g) da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local.

Esta ordenanza ten como fin a ordenación do servizo de taxi que se presta no municipio do Grove de acordo cos principios de responsabilidade pública, universalidade, accesibilidade e continuidade na prestación dos servizos de taxi, a calidade na prestación dos servizos e o respecto dos dereitos das persoas usuarias recoñecidos pola lexislación vixente e a incorporación dos avances técnicos que permitan a mellora das condicións da prestación.

#### *TÍTULO PRELIMINAR*

#### *TÍTULO I. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN*

#### **ARTIGO 1. OBXECTO**

A presente ordenanza ten por obxecto regular o réxime xurídico aplicable ao servizo de taxi prestado ao abeiro das licenzas de taxi do municipio do Grove.



Aos efectos desta ordenanza enténdese por servizo de taxi o transporte público e discrecional de persoas viaxeiras realizado por persoas físicas en vehículos de turismo que contan con signos distintivos de taxi e se realiza por conta allea mediante retribución económica suxeita a tarifa e dispoñendo dos correspondentes títulos habilitantes para a prestación do servizo.

Constitúen títulos habilitantes para a prestación do servizo de taxi os seguintes:

- Licenzas de taxi: habilitan para a prestación dos servizos urbanos de taxi e son outorgadas polo concello.
- Autorizacións interurbanas de taxi: permiten a prestación dos servizos interurbanos de taxi e son outorgadas polo órgano competente da consellería que teña atribuídas as competencias en materia de transportes.

Os títulos habilitantes outórganse sen prazo de duración prefixado, se ben a súa validez quedará condicionada ao seu visado periódico por parte do órgano competente en cada caso de acordo coa lexislación vixente.

## ARTIGO 2. LICENZA DE TAXI

Para a prestación do servizo de taxi requírese a obtención da licenza de taxi e autorización interurbana de taxi.

Corresponde ao Concello do Grove o outorgamento da licenza de taxi e ao órgano competente da Xunta de Galicia en materia de transporte a concesión da autorización interurbana.

## ARTIGO 3. REQUISITOS PARA SER TITULAR DA LICENZA

O titular da licenza de taxi ha de cumprir os seguintes requisitos:

a) Ter nacionalidade española ou dun estado membro da Unión europea ou doutro país estranxeiro no que, en virtude de acordos, tratados ou convenios internacionais subscritos por España, non sexa esixible o requisito da nacionalidade ou contar coas autorizacións ou permisos de traballo que, de conformidade co disposto na lexislación sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España, resulten suficientes para a realización da actividade de transporte no seu propio nome.

b) Ter plena e exclusiva dedicación á actividade de taxi.

c) Acreditar a titularidade do vehículo de turismo en calquera réxime de utilización xuridicamente válido.

d) Estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa seguridade social e das relacionadas coa actividade de taxi.



e) Acreditar o cumprimento dos requirimentos técnicos do vehículo de turismo que utilicen para a realización do transporte que sexan esixibles pola normativa vixente.

f) Dispoñer da capacitación profesional para prestar servizos de taxi: carné de conducir BTP.

g) Ter cuberta a responsabilidade civil polos danos que puidesen ocasionarse na prestación do servizo, segundo o disposto na normativa vixente.

h) Aqueles outros que no seu caso, se establezan regulamentariamente.

#### **ARTIGO 4. NÚMERO MÁXIMO DE LICENZAS**

O número máximo de licenzas das que poderá dispoñer un mesmo titular será de dous non podendo ser titular de licenza de taxi en distintos concellos.

#### **ARTIGO 5. OUTORGAMENTO DE NOVAS LICENZAS**

O outorgamento de novas licenzas de taxi corresponde ao Concello do Grove previo informe vinculante da dirección xeral en materia de transportes e realizarase mediante concurso público de acordo co establecido na lexislación vixente.

#### **ARTICULO 6. TRANSMISIÓN**

As licenzas de taxi serán transmisibles a calquera persoa física que o solicite e reúna os requisitos establecidos na Lei 4/2013, de 30 de maio e a presente ordenanza, logo de autorización do Concello do Grove e informe da dirección xeral competente en materia de transportes da Xunta de Galicia respecto á procedencia de transmisión da autorización interurbana de taxi.

Non obstante non poderá autorizarse a transmisión da licenza de taxi nas seguintes circunstancias:

a) Se non transcorreron polo menos dous anos dende a adquisición polo transmitente da condición de titular da licenza de taxi e da autorización interurbana de taxi.

A limitación temporal indicada non será de aplicación en caso de xubilación, falecemento ou declaración de incapacidade para prestar o servizo de taxi.

b) Se o transmitente e o adquirente non estivesen ao corrente das súas obrigas tributarias e de seguridade social e as relacionadas coa actividade propia do servizo de taxi.

c) Se non estivesen satisfeitas as sancións pecuniarias que puidesen ser impostas, por resolución administrativa firme, o transmitente ou o adquirente, derivadas do exercicio da actividade como taxista.



d) Se o adquirente, como consecuencia da transmisión, superase o límite máximo de concentración de licenzas de taxi nun mesmo titular ou se é o titular dunha ou máis licenzas de taxi noutro concello.

e) En caso de que o informe previsto da dirección xeral competente en materia de transportes da Xunta de Galicia tivese carácter desfavorable ou transcorrese o prazo fixado neste informe para materializar a transmisión da licenza de taxi.

3. En todo caso a eficacia da transmisión da licenza de taxi estará condicionada á concesión da autorización interurbana, autorización que deberá solicitar o interesado á dirección xeral competente en materia de transportes da Xunta de Galicia.

4. O adquirente da licenza deberá iniciar a prestación do servizo no prazo máximo dun mes dende a notificación da autorización de transmisión da autorización interurbana.

5. A persoa que transmita unha licenza de taxi non poderá volver ser titular doutra licenza de taxi no mesmo municipio ata que transcorrese un período de cinco anos dende a transmisión.

#### **ARTIGO 7. SUPOSTO DE FALECIMENTO DO TITULAR**

No suposto de falecemento da persoa titular, os seus herdeiros adquirirán os dereitos e obrigas inherentes aos títulos habilitantes, podendo figurar, en caso de que se constituíse, unha comunidade de herdeiros como titular dos devanditos títulos habilitantes por un período máximo de dous anos dende o falecemento do causante. Transcorrido ese período, os títulos deberán constar adscritos a nome dunha persoa física, caducando en caso de non observar a devandita obriga.

#### **ARTIGO 8. REXISTRO MUNICIPAL DE LICENZAS**

No Rexistro Municipal de Licenzas anotaranse, en todo caso:

1. Os titulares das licenzas e os seus datos identificativos.
2. Os condutores dos vehículos afectos ás licenzas e os seus datos identificativos.
3. Os titulares de permisos municipais de condutor de taxi e os seus datos identificativos.
4. Os vehículos afectos ás licenzas e os seus elementos.
5. As infraccións cometidas e as sancións impostas aos titulares das licenzas.
6. A situación administrativa na que se encontra a licenza, en actividade ou suspensión e data de efecto da devandita situación.



7. Extinción da licenza, se produce, a súa causa e a data.

8. A autorización para exhibir publicidade.

1. Os titulares das licenzas de taxi están obrigados a comunicar os cambios de domicilio e demais datos e circunstancias que deban figurar no rexistro no prazo dun mes.

2. O coñecemento dos datos que figuren no rexistro será público, se ben para a consulta destes polos particulares se esixirá a acreditación dun interese lexítimo de acordo co disposto no artigo 37 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

#### ARTIGO 9. SUSPENSIÓN TEMPORAL

1. As licenzas de taxi poderán ser suspendidas temporalmente por un período máximo de dous anos:

a) Por solicitude da persoa titular, cando haxa de deixar de exercer a actividade temporalmente por unha causa xustificada.

b) De oficio, en caso de transmisións forzosas, cando a persoa adxudicataria carecese dos requisitos esixidos para ser titular.

2. Non procederá estimar unha solicitude de suspensión ata que transcorrese un período de dous anos contados dende a data de finalización do anterior período de suspensión, salvo causas de forza maior debidamente acreditadas.

3. As solicitudes de suspensión entenderanse estimadas se no prazo de tres meses o concello non tivese ditado e notificado resolución expresa, salvo que se tivese incumplido a limitación establecida no apartado anterior.

#### ARTIGO 10. EXTINCIÓN

De conformidade co artigo 12 da Lei 4/2013, do 30 de maio as licenzas de taxi extínguense por algunha das seguintes causas logo de instrución do expediente establecido regulamentariamente con audiencia, en todo caso, das persoas interesadas:

a) Renuncia da persoa titular ou falecemento desta sen herdeiros.

b) Caducidade: procederá declarar caducadas as licenzas de taxi nos casos de

— Incumplimento polo titular das condicións que xustificaron o seu outorgamento.



- A non reanudación do servizo de taxi no prazo dun mes dende a finalización da suspensión
- Pola falta de dedicación á actividade do seu titular cando esta fose esixible
- Pola obtención, xestión ou explotación da licenza de taxi por calquera forma non prevista na normativa de aplicación.

c) Revogación: as licenzas de taxi poderán revogarse por motivos de oportunidade de interese público que aconsellasen ao concello reducir o número de licenzas. neste suposto, o titular da licenza de taxi terá dereito á correspondente indemnización económica, que se calculará de conformidade con aqueles parámetros obxectivos que determinen o seu valor real de mercado.

## TÍTULO II. DOS VEHÍCULOS AFECTOS ÁS LICENZAS

### ARTIGO 11. NORMAS XERAIS

Cada licenza de taxi terá afecto un vehículo clasificado como turismo de acordo coas disposicións deste título e normativa de aplicación.

### ARTIGO 12. REQUISITOS

Os devanditos vehículos deberán estar clasificados como turismos e ter as seguintes características:

Os vehículos contarán cun espazo dedicado a maleteiro totalmente independente e diferenciado do habitáculo destinado á pasaxe, suficiente para transportar a equipaxe deste.

Carrocería pechada con portas de doado acceso e funcionamento que facilite a manobra con suavidade.

As dimensións mínimas e as características do habitáculo interior do vehículo e dos asentos serán as precisas para proporcionar ao usuario e ao condutor a seguridade e comodidade propias deste tipo de servizo.

A tapizaría será de cores e deseño discreto, uniforme en todos os asentos, sen coloracións vivas nin motivos engadidos debendo ser dun material de doada limpeza.

O piso irá recuberto dun material antideslizante e doado de limpar.

Estarán provistos de repousacabezas en todas as prazas.



Xanelas provistas de lúas transparentes e irrestelables en todas as portas e na parte posterior do vehículo, de modo que se consiga a maior visibilidade, luminosidade e ventilación posibles. As situadas nas portas deben resultar accionables por vontade do usuario.

Iluminación eléctrica interior que permita en horas nocturnas a perfecta visibilidade do cadro de mandos, do taxímetro e de todos os elementos de control do vehículo, e que proporcione iluminación abondo do habitáculo para facilitar o cambio de moeda.

Dotación de extintor de incendios.

Dotación de catro portas como mínimo para o acceso de ocupantes que deben resultar accionables por vontade do usuario, a excepción da do condutor.

Modulo luminoso exterior que sinala claramente a dispoñibilidade do vehículo.

Aqueles que se establezan regulamentariamente.

### *ARTIGO 13. TÁXIMETRO*

Os vehículos afectos ao servizo de taxi deben estar equipados cun aparato taxímetro con impresora de factura debidamente precintado, homologado e verificado de acordo coas normas establecidas polo órgano competente en materia de metroloxía, co fin de determinar o prezo de cada servizo.

O taxímetro haberá de estar situado no terzo central da parte dianteira da carrocería tendo que estar iluminado cando estivese en funcionamento, de forma que en todo momento resulte clara, visible e cómoda para os viaxeiros a lectura dos valores que teñen que ser exhibidos.

### *ARTIGO 14. NÚMERO DE PRAZAS*

1. Con carácter xeral, o número de prazas dos vehículos afectos ás licenzas de taxi dispoñerán dunha capacidade mínima de cinco e máxima de sete prazas incluída a persoa condutora.

2. Non obstante de conformidade co sinalado no artigo 25.2 da Lei 4/2013, do 30 de maio poderá autorizarse vehículos de ata nove prazas.

### *ARTIGO 15. SUBSTITUCIÓN*

Requírese a autorización do Concello do Grove para substituír o vehículo afecto á licenza por outro. En todo caso o novo vehículo deberá ser máis novo que o substituído o cal deberá cumprir os requisitos previstos nesta ordenanza.



**ARTIGO 16. VEHÍCULOS ADAPTADOS**

1. Os vehículos cualificados como accesibles ou adaptados cumprirán as condicións e requisitos establecidos no Real Decreto 1544/2007, do 23 de novembro, polo que se regulan as condicións básicas.

2. De accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos modos de transporte para persoas usuarias con mobilidade reducida ou norma que o substitúa.

3. Estes taxis prestarán servizo de forma prioritaria ás persoas con con mobilidade reducida, pero, en caso de estar libres destes servizos, estarán en igualdade cos demais taxis non adaptados para dar servizo a calquera cidadán sen discapacidade.

**ARTIGO 17. PINTURAS, DISTINTIVOS E ADHESIVOS**

1. Os vehículos destinados ao servizo de taxi serán de cor branco que levará o anagrama oficial que se une en anexo a esta ordenanza, en cor azul, que se colocará no centro das portas dianteiras do vehículo.

2. No exterior do vehículo deberán figurar o número da licenza municipal, e o adhesivo co escudo do Concello do Grove no interior do vehículo, en sitio visible para os viaxeiros, colocaranse os adhesivos coas tarifas vixentes, así como unha placa co número da licenza municipal, o número de prazas e a matrícula do vehículo.

**ARTIGO 18. PUBLICIDADE**

1. O Concello do Grove poderá autorizar os titulares das licenzas de taxi, a contratación e colocación de anuncios publicitarios comerciais no exterior dos vehículos sempre que conserven a súa estética e non impidan a súa visibilidade.

2. Para os anuncios publicitarios comerciais, os titulares de licenza deberán solicitar a correspondente autorización, a cal se concederá de forma individualizada para cada licenza municipal. A validez da autorización coincidirá co ano natural, polo que caducará o 31 de decembro de cada ano.

3. As autorizacións ás que se refire o presente artigo, outorgaranse con suxeición á lexislación vixente en materia de tráfico e seguridade vial e á normativa xeral de publicidade. En todo caso prohibese toda publicidade sexista ou que atente contra os dereitos das persoas.





**TÍTULO III. DOS CONDUTORES DOS VEHÍCULOS DE TAXI****ARTIGO 19. NORMAS XERAIS**

1. Para exercer a actividade de condutor de vehículos de taxi requirirase ser titular do permiso municipal de condutor de taxi que será expedido polo Concello do Grove. Cada licenza de taxi non poderá ter adscritas máis de dúas persoas condutoras, incluída a persoa titular.

2. As persoas titulares de licenzas de taxi haberán de prestar o servizo persoalmente con plena e exclusiva dedicación á devandita actividade.

**ARTIGO 20. CONDUTOR ASALARIADO**

1. Os titulares das licenzas poderán contratar persoas condutoras asalariadas para unha mellor explotación daquelas sendo a relación entre eles de carácter laboral. A contratación de condutores asalariados queda sometida ás condicións seguintes:

a) o condutor deberá posuír o correspondente título de condución e dispoñer da correspondente capacitación profesional.

b) o contrato será a xornada completa e con dedicación exclusiva.

c) Cantos outros, se é o caso, se dispoñan regulamentariamente.

**ARTIGO 21. A TARXETA DE IDENTIFICACIÓN DE CONDUTOR DE TAXI**

1. Para a axeitada identificación do condutor de taxi, o Concello do Grove expedirá a tarxeta de identificación de condutor que conterá unha fotografía do condutor, así como, entre outros datos, o nome e apelidos; número e data de autorización do permiso municipal de condutor de taxi; matrícula/s do vehículo/s e número da licenza á que se ache adscrito.

2. A tarxeta de identificación, que deberá portarse sempre que se estea a prestar servizo, colocarse na parte inferior dereita da lúa dianteira do vehículo de forma que resulte visible tanto dende o interior coma dende o exterior deste.

**ARTIGO 22. REQUISITOS PARA A EXPEDICIÓN**

1. Corresponde ao titular da licenza de taxi a solicitude da tarxeta de identificación de condutor de taxi propia e/ou a dos seus condutores asalariados, logo de pagamento da taxa correspondente.

2. Para a expedición da tarxeta de identificación de condutor de taxi do propio titular da licenza, deberá acreditarse documentalmente que o titular cumpre os seguintes requisitos:



- a) Estar en posesión do permiso municipal de condutor de taxi en vigor.
  - b) Declaración de non estar a desenvolver simultaneamente outros traballos que afecten á súa capacidade física para a conducción ou que repercutan negativamente sobre a seguridade vial.
  - c) Estar dado de alta no réxime que corresponda da seguridade social.
3. Para a expedición da tarxeta de identificación dos condutores asalariados deberá acreditarse documentalmente que os condutores cumpren os seguintes requisitos:
- a) Estar en posesión do permiso municipal de condutor de taxi en vigor.
  - b) Declaración de non estar a desenvolver simultaneamente outros traballos.
  - c) Estar inscrito como condutores e en situación de alta no réxime da seguridade social de acordo coa lexislación laboral vixente.
  - d) Posuír contrato de traballo debidamente cumprido e dilixenciado de acordo coa normativa laboral vixente.
4. O titular da licenza de taxi deberá solicitar a substitución destas tarxetas de identificación cando se produza a variación de calquera dos datos consignados nestas.
5. Os condutores dos taxis deberán enviar de forma semestral copia de TC1 ao Concello.

### ARTIGO 23. DEVOLUCIÓN

1. A tarxeta de identificación de condutor de taxi deberá ser entregada ao Concello do Grove polo titular da licenza ou, se é o caso, polos seus herdeiros, nos seguintes supostos:
  - a) Cando se solicite autorización para a transmisión da licenza ou para a substitución do vehículo á que se ache afecto.
  - b) Cando se solicite a suspensión.
  - c) Cando o condutor asalariado cese na súa relación laboral.
  - d) Nos casos de extinción da licenza.
  - e) Cando se produza o falecemento do titular da licenza.
3. A estes efectos, as tarxetas entregaranse, no prazo máximo dun mes dende que tivo lugar a circunstancia que conorra en cada caso xunto coa solicitude correspondente.



4. Cando un condutor asalariado cese na súa relación laboral, estará obrigado a entregar a tarxeta de identificación ao titular da licenza que o contratou.

#### *TÍTULO IV. DAS CONDICIÓN S DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE TAXI*

##### *ARTICULO 24. NORMAS XERAIS*

Os vehículos adscritos ao servizo de taxi deberán dedicarse exclusivamente á prestación do servizo regulado na presente ordenanza.

##### *ARTICULO 25. INICIACIÓN DA ACTIVIDADE*

As persoas que adquiran a titularidade dunha licenza de taxi deberán iniciar a prestación do servizo no prazo máximo dun mes, contados dende a data de notificación da autorización.

##### *ARTIGO 26. POTESTADES DO CONCELLO*

O Concello ostenta a potestade de ordenar o servizo, co fin de garantir en todo momento a súa prestación coas debidas condicións de calidade e extensión, e a satisfacción das necesidades dos usuarios e da mobilidade urbana en xeral.

En exercicio de tal potestade poderá:

- Logo de audiencia as asociacións do sector e Consello Galego do transporte poderá establecer o réxime de horarios, calendario, descansos, interrupcións da prestación do servizo e vacacións dos titulares das licenzas e condutores.
- Establecer as disposicións que, de acordo coa lexislación vixente, considere oportunas para que se garanta a existencia de vehículos adaptados para transportar as persoas usuarias con mobilidade reducida e en cadeira de rodas.
- Sinalar os lugares de parada nos que os taxis poidan estacionar á espera de pasaxeiros e pasaxeiros, facilitando na súa localización o acceso a persoas con mobilidade reducida.

Para a localización, modificación ou supresión de paradas de taxi darase audiencia ás asociacións profesionais representativas do sector e ás asociacións representativas de persoas consumidoras e usuarias.

##### *ARTIGO 27. DESENVOLVEMENTO DO SERVIZO*

1. O servizo considerarase iniciado no momento e lugar de recollida do usuario, debendo entrar o aparato taxímetro en funcionamento no momento en que o vehículo inicie a marcha, despois de que o usuario indique o punto de destino.



2. Cando se trate dun servizo contratado por chamada na vía pública, por reserva previa ou por calquera outro medio telemático, o servizo considerarase iniciado no lugar de partida do vehículo. O cadro tarifario considerará unha contía máxima pola utilización deste modo de contratación.

O aparato taxímetro iniciará o servizo coa tarifa de “inicio da viaxe” que corresponda, interrompéndose a continuidade do contador cando chegue á contía máxima establecida.

No momento no que o viaxeiro e a súa equipaxe se encontren debidamente instalados e se indicase o punto de destino ou, no seu caso, cando o vehículo chegue á hora e punto de recollida convidados, o taxímetro deberá continuar o cómputo no punto onde o tivese interrompido.

3. Ao inicio do servizo o condutor procederá a quitar o cartel de libre.

4. A continuidade do contador interromperase definitivamente ao finalizar o recorrido, ou provisionalmente, ademais do suposto considerado no apartado anterior, durante as paradas provocadas por accidente, avaría, cambio de moeda ou outros motivos non imputables ao usuario. Nestes casos, unha vez resolto o incidente, o taxímetro deberá continuar o cómputo no punto onde o tivese interrompido.

5. A toma de carburante só poderá realizarse estando libre o vehículo, salvo autorización expresa do viaxeiro, en cuxo caso se interromperá a continuidade do contador.

#### *ARTIGO 28.–DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE TAXI*

1. A concertación do servizo de taxi efectuarase a petición da persoa usuaria.

a) Nas paradas establecidas.

b) Mediante a súa chamada na vía pública.

c) Por medios telemáticos.

d) Mediante a súa reserva previa.

e) Por outros modos que puidesen ser establecidos pola normativa de desenvolvemento da lei 4/2013, do 30 de maio.

2. A persoa condutora pode denegar a prestación do servizo de taxi cando fose solicitado para finalidades que se presuman racionalmente como ilícitas ou cando concorren circunstancias especiais de risco para a seguridade ou integridade física das persoas ou do vehículo e concretamente:

— Ser requirido por individuos perseguidos pola Policía.



- Ser solicitado para transportar un número de persoas superior ao das prazas autorizadas para o vehículo.
- Cando calquera dos viaxeiros se ache en estado de manifesta embriaguez ou intoxicación por estupefacientes, agás nos casos de perigo grave ou inminente para a súa vida ou integridade física.
- Cando o atavío dos viaxeiros, ou a natureza e carácter dos vultos, equipaxes ou animais de que sexan portadores, poidan deteriorar ou causar danos no interior do vehículo.
- Cando sexa requirido para prestar o servizo por vías intransitables que ofrezan perigo para a seguridade e integridade tanto dos ocupantes e do Conductor coma do vehículo.

#### ARTIGO 29. DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA

Durante a prestación do servizo os condutores deberán ir provistos da seguinte documentación:

- A licenza municipal de taxi.
- Permiso de condución da clase BTP ou superior.
- O permiso municipal de condutor.
- O permiso de circulación do vehículo.
- Tarxeta de ITV en vigor.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil derivada do uso e circulación de vehículos de motor de subscripción obrigatoria e xustificante do pagamento da prima do período de seguro en curso.
- Un exemplar desta ordenanza e o cadro de tarifas aplicable ao servizo.
- Plano rueiro da cidade.
- Boletín de identificación e control metrolóxico do aparato taxímetro.
- Libro de reclamacións.

#### ARTIGO 30. DEREITOS DAS PERSOAS USUARIAS

As persoas usuarias do servizo de taxi teñen os seguintes dereitos.

a) A acceder ao servizo en condicións de igualdade. Os condutores e condutoras que prestan o servizo deberán proporcionar a súa axuda ás persoas con mobilidade reducida, así como a aquelas que vaian acompañadas de nenos e nenas, ou ás mulleres xestantes, debendo cargar e descargar a súa equipaxe.

b) A identificar a persoa condutora e recibir unha atención correcta de quen presta o servizo.



c) Á prestación do servizo con vehículos que dispoñan das condicións óptimas, no interior e exterior, en canto a hixiene, limpeza, comodidade e estado de conservación.

d) A subir e baixar do vehículo en lugares onde quede suficientemente garantida a seguridade das persoas.

e) A seleccionar o percorrido que consideren máis axeitado para a prestación do servizo. no suposto de que non exercitasen o referido dereito, sempre debe realizarse seguindo o itinerario previsiblemente máis curto, tendo en conta tanto a distancia a percorrer coma o tempo considerado de duración do servizo, segundo as condicións de saturación da circulación.

f) A obter información sobre o número de licenza de taxi ou autorización interurbana de taxi e as tarifas aplicables aos servizos.

g) A poder ir acompañada dun can guía no caso das persoas cegas ou con discapacidade visual.

h) A transportar equipaxes de conformidade coas condicións que regulamentariamente se establezan.

i) A que se facilite á persoa usuaria o cambio de moeda ata a cantidade que regulamentariamente se estableza.

j) A recibir un documento xustificativo da prestación do servizo no que conste o prezo, orixe e destino do servizo, o número de licenza de taxi do vehículo que atendeu o servizo, a identificación da persoa titular dos títulos habilitantes e da persoa condutora e, a petición da persoa usuaria, o itinerario recorrido.

k) A formular as reclamacións que consideraran oportunas en relación coa prestación do servizo, debendo facilitar o condutor ou condutora, a petición da persoa usuaria, follas de reclamacións.

l) Cantos outros se establezan legalmente ou regulamentariamente.

### **ARTIGO 31. DEBERES DAS PERSOAS USUARIAS**

As persoas usuarias do servizo de taxi haberán de cumprir as normas de utilización que se establezan regulamentariamente, tendo, en todo caso, os seguintes deberes:

a) Adoptar un comportamento respectuoso durante a prestación do servizo, sen interferir na condución do vehículo e sen que poida implicar perigo para as persoas e os bens.

b) Pagar o prezo da prestación do servizo de acordo co réxime de tarifas establecido.



- c) Non manipular, destruír ou deteriorar ningún elemento do vehículo durante o servizo.
- d) Absterse de fumar, beber alcohol ou consumir calquera tipo de substancia estupefaciente no interior do vehículo.
- e) Respetar as instrucións da persoa condutora en relación coa prestación do servizo en condicións de seguridade.
- f) Cumprimento de normas de utilización que se establezan regulamentariamente.

### ARTIGO 32. OBRIGAS DOS CONDUTORES

Os condutores dos vehículos de taxi están obrigados a:

1. Entregar ao viaxeiro un billete do servizo.
2. Axudar a subir e baixar do vehículo aos viaxeiros que o necesiten por razóns de idade, minusvalías ou estado de saúde.
3. Recoller a equipaxe do viaxeiro, colocalo no maleteiro e entregarllo á finalización do servizo, en todo caso a pé do vehículo.
4. Coidar o seu aspecto persoal e vestir axeitadamente durante a prestación do servizo, quedando prohibida a utilización de pezas e calzado de baño, así como os pantalóns curtos, e as camisetas sen mangas.
5. Subir ou baixar o volume da radio e doutros aparatos de imaxe e son que puidesen estar instalados no vehículo ou apagar estes se o viaxeiro o solicita.
6. Permitir a apertura ou peche das ventás dianteiras ou traseiras.
7. Respetar a elección do usuario sobre o uso do aire acondicionado ou climatización, sempre que a temperatura solicitada non sexa inferior a 18º nin superior a 25º, salvo que condutor e usuario estean de acordo noutra inferior ou superior.
8. Observar un comportamento correcto con cantas persoas soliciten o seu servizo.
9. Respetar as normas de contratación do servizo de taxi.
10. Facilitar aos pasaxeiros que o soliciten o Libro de reclamacións.
11. Revisar o interior do vehículo ao finalizar cada servizo para comprobar se o usuario esqueceu algunha das súas pertenzas neste. neste caso, e se non poden devolvelas no acto, deberán depositalas na oficina da Policía Local.



**ARTIGO 33. CAMBIO DE MOEDA**

1. Os condutores dos vehículos ao servizo de taxi están obrigados a facilitar ao usuario cambio de moeda ata a cantidade de 50 euros.

2. En caso de que o condutor teña que abandonar o vehículo para obter moeda fraccionaria en contía inferior ao devandito importe, ou ao que no seu caso se fixe, deberá interromper provisionalmente o taxímetro.

3. No suposto de que o usuario vaia pagar o servizo cunha cantidade que supoña devolver un cambio superior a 50 euros, deberá advertilo ao condutor antes de iniciar o servizo e, en caso de non o facer, será obriga do devandito usuario facerse co cambio e durante o tempo investido manterase funcionando o taxímetro.

**ARTIGO 34. DAS TARIFAS**

1. A prestación do servizo de taxi está suxeita a un réxime de tarifas obrigatorias, que haberán de garantir a cobertura do custo real do servizo en condicións normais de produtividade e organización e permitirán unha axeitada amortización e un razoable beneficio industrial.

2. As tarifas poderán ser revisadas periodicamente ou, de xeito excepcional, cando se producise unha variación nos custos que altere significativamente o equilibrio económico da actividade.

3. O Concello do Grove aprobará, previa audiencia ao Consello Galego de transportes, e de acordo coa lexislación vixente, as tarifas de aplicación aos servizos urbanos de taxi.

**ARTIGO 35. INSPECCIÓN**

1. As funcións de vixilancia e inspección dos servizos de taxi corresponderán ao servizo da Policía Local do Concello do Grove, sen prexuízo das competencias doutras administracións públicas en materia de inspección. A devandita función exercerase de oficio, mediando ou non denuncia previa, tendo como finalidade garantir a adecuación da actividade de taxi ao establecido pola presente ordenanza e normativa de aplicación.

2. O persoal que desempeñe o labor de inspección ten recoñecidos, no exercicio das súas funcións, o carácter e a potestade de autoridade pública e os feitos constatados nas actas que se levanten no exercicio da función inspectora gozan de presunción de veracidade e terán valor probatorio, sen prexuízo das probas que en defensa dos respectivos dereitos ou intereses puidesen sinalar ou achegar as persoas interesadas.





**ARTIGO 36. REGRAS SOBRE A RESPONSABILIDADE**

1. A responsabilidade administrativa polas infraccións das normas reguladoras do transporte de persoas en vehículos de turismo corresponderá:

a) Nas infraccións cometidas con ocasión da realización de servizos de taxi ao seu titular.

b) Nas infraccións cometidas con ocasión de servizos de taxi realizados ao abeiro de títulos habilitantes expedidos a nome doutras persoas, á persoa física ou xurídica que utilice os devanditos títulos e á persoa a cuxo nome se expedisen aqueles títulos, salvo que esta última demostrase que non deu o seu consentimento.

c) Nas infraccións cometidas con ocasión de servizos de taxi realizados sen a cobertura do correspondente título habilitante, á persoa que tivera atribuída a facultade de uso do vehículo, ben sexa a título de propiedade, aluguer, arrendamento financeiro, renting ou calquera outra forma admitida pola lexislación vixente.

d) Nas infraccións cometidas polas persoas usuarias e, en xeral, por terceiros que, sen estar comprendidos nos apartados anteriores, realizasen feitos que constitúan infraccións contempladas na presente ordenanza, á persoa física ou xurídica á que vaia dirixido o precepto infrinxido ou á que a disposición correspondente atribuíse especificamente a responsabilidade.

**ARTIGO 37. INFRACCIÓNS**

1. Son infraccións as accións e omisións que contraveñan as obrigas establecidas pola lei 4/2013, do 30 de maio, a título de dolo, culpa ou simple inobservancia.

2. As infraccións das normas reguladoras dos servizos de taxi están previstas na Lei 4/2013, do 30 de maio clasificándose en moi graves, graves e leves.

**ARTIGO 38. INFRACCIÓNS MOI GRAVES**

Considéranse infraccións moi graves:

a) A realización de servizos de taxi carecendo dos preceptivos títulos habilitantes ou cos mesmos suspendidos, anulados, caducados, revogados, sen realizar o visado obrigatorio ou por calquera outra causa ou circunstancia pola que as referidas habilitacións expedidas para exercer a actividade xa non sexan válidas. No suposto de que a infracción consistise na falta de visado obrigatorio e este se tivese realizado con anterioridade á data de resolución do procedemento sancionador, a infracción terá a cualificación de leve.

b) Prestar os servizos de transporte de persoas en vehículos de turismo mediante un condutor ou condutora que non estea debidamente autorizado para a conducción e habilitado para a prestación do servizo.



c) A cesión ou transmisión, expresa ou tácita, dos títulos habilitantes por parte dos seus titulares a favor doutras persoas sen a preceptiva autorización.

d) O falseamento de documentos que tivesen que ser presentados como requisito para a obtención dos títulos habilitantes ou dos datos que haxan de figurar nos devanditos títulos habilitantes.

e) A negativa ou obstrución á actuación dos servizos de inspección que impidise o exercicio das funcións que legal ou regulamentariamente teñan atribuídas.

f) O incumprimento, por parte do titular do vehículo, da obriga de subscribir os seguros preceptivos.

g) O incumprimento das obrigas de prestación do servizo de taxi impostas nesta ordenanza e normativa de aplicación.

h) Non levar o aparato taxímetro, a manipulación deste, facelo funcionar de xeito inadecuado ou impedir a súa visibilidade á persoa usuaria, así como cantas accións tiveran por finalidade alterar o seu normal funcionamento, e a instalación de elementos mecánicos, electrónicos ou doutra natureza destinados a alterar o correcto funcionamento do taxímetro ou modificar as súas medicións, aínda cando este non se encontrase en funcionamento no momento de realizarse a inspección.

A responsabilidade pola devandita infracción corresponderá tanto ás persoas que tivesen manipulado o taxímetro ou colaborado na súa manipulación como ao taxista que o teña instalado no seu vehículo.

i) A prestación de servizos de transporte de persoas con vehículos que incumprisen as condicións técnicas sobre accesibilidade de persoas con mobilidade reducida que en cada caso se determinen, sempre que o vehículo sexa un taxi adaptado.

j) O arrendamento de vehículos con condutor incumprindo as obrigas de contratación establecidas nesta lei e nas súas disposicións de desenvolvemento ou a recollida de clientes que non contratasen previamente o servizo de conformidade co establecido na normativa reguladora.

k) Prestar o servizo cun número de ocupantes do vehículo que supere o número de prazas autorizadas, de conformidade coa normativa vixente.

l) A realización de servizos de transporte de persoas mediante cobramento individual, salvo nos casos en que estivese expresamente autorizado.



**ARTIGO 39. INFRACCIÓNS GRAVES**

Considéranse infraccións graves:

a) Carecer do preceptivo documento no que deben formularse as reclamacións das persoas usuarias ou negar ou obstaculizar a súa disposición o público.

b) Non atender a solicitude a unha demanda de servizo de taxi por parte dunha persoa usuaria estando de servizo, ou abandonar un servizo antes da súa finalización, salvo que existisen causas xustificadas de perigo fundado para a persoa condutora ou para o vehículo de turismo.

c) A realización de servizos de transporte iniciados nun termo municipal distinto do que corresponde á licenza de taxi, salvo nos supostos legalmente exceptuados.

d) Incumprir o réxime de tarifas vixente para o servizo de taxi.

e) A prestación de servizos con vehículos distintos aos identificados adscritos ás licenzas de taxi e autorizacións interurbanas de taxi, salvo nos casos de substitución debidamente autorizados, así como o incumprimento do ámbito territorial dos devanditos títulos habilitantes.

f) A realización de servizos de taxi por itinerarios inadecuados que fosen lesivos economicamente para os intereses da persoa usuaria ou desatendendo as súas indicacións sen causa xustificada de perigo para a persoa condutora ou danos para o vehículo de turismo.

g) Levar a cabo servizos de transporte de persoas en vehículos de turismo sen levar a bordo a documentación acreditativa necesaria para controlar a legalidade do transporte.

h) A realización de servizos de arrendamento de vehículos con condutor sen dispoñer da documentación que resulte obrigatoria para acreditar a correcta utilización do vehículo.

i) A difusión de ofertas comerciais para a realización de actividades de transporte de persoas en vehículos de turismo sen dispoñer dos correspondentes títulos habilitantes para exercer as devanditas actividades segundo o disposto na presente lei.

j) Non dispoñer, no caso de autorización de arrendamento de vehículos con condutor, do número mínimo de vehículos ou dos caracteres esixibles a estes.

k) A retención de obxectos abandonados no vehículo sen dar conta á autoridade competente.

l) A utilización de locais non autorizados para o exercicio da actividade de arrendamento de vehículos con condutor, así como o arrendamento de vehículos fóra das oficinas ou locais que se determinen ou a recollida de clientes que non tivesen contratado previamente.



m) Non ter expostos nos locais á disposición do público os folletos ou as listas impresas nos cales se indiquen os prezos pola realización de servizos de arrendamento de vehículos con condutor.

n) A carencia de contrato e folia de ruta ou a ocultación ou non conservación por parte da empresa dunha copia durante un ano.

ñ) Non dispoñer dos cadros de tarifas e do resto de documentación que tivese que exhibirse para o coñecemento das persoas usuarias.

o) O trato desconsiderado aos clientes, así como a non prestación do servizo nas condicións de hixiene e/ou calidade esixibles.

p) Calquera das infraccións previstas como moi graves cando pola súa natureza, ocasión ou circunstancia non haxa de ser cualificada como moi grave.

#### ARTIGO 40. INFRACCIÓNS LEVES

Considéranse infraccións leves:

a) Non levar en lugar visible os distintivos que foran esixibles ou os levar nunhas condicións que dificulten a súa percepción ou facer un uso inadecuado deles.

b) Non respectar os dereitos das persoas usuarias establecidos na presente lei.

c) A realización da actividade de arrendamento de vehículos con condutor con vehículos alleos sobre os cales non se teñan as condicións de dispoñibilidade legalmente esixibles.

d) Non levar a bordo do vehículo a documentación formal que acredite a posibilidade legal de prestar o servizo, sempre que se dispuxese desta.

e) Incumprir as normas que puidesen establecerse sobre publicidade nos vehículos dedicados ao transporte de persoas en vehículos de turismo.

f) A carencia no vehículo ou nos locais do letreiro que indique a existencia de follas de reclamacións.

g) Non entregar o recibo ou factura do servizo prestado ás persoas usuarias, se estas o solicitasen, ou entregarlles un recibo ou factura que non cumpra os requisitos establecidos pola normativa aplicable.

h) O incumprimento polas persoas usuarias dos deberes que lles corresponderan.



i) Non levar a bordo do vehículo a folla de ruta ou levar sen cumprimentala, salvo que o seu contido se recolla no contrato subscrito para a prestación do servizo.

j) Non levar a placa relativa á súa condición de vehículo de servizo público.

k) A carencia de cambio de moeda metálica ou billetes ata a cantidade que estea regulamentariamente establecida.

l) Non expoñer ao público os cadros de prezos autorizados ou telos en lugares non visibles.

m) Levar o vehículo sen conexión con centrais de seguridade cando o devandito servizo estea concertado cunha entidade pública ou se publicite a devandita conexión ás persoas usuarias do servizo.

n) Calquera infracción das que teñen consideración de graves cando pola súa natureza, ocasión ou circunstancias non haxa ser cualificada como grave, debendo xustificarse a existencia das devanditas circunstancias e motivarse na resolución correspondente.

#### **ARTIGO 41. –SANCIONES**

1. As infraccións leves sancionaranse con multas de ata 400 euros; as graves, con multa dende 401 ata 2.000 euros; e as moi graves, con multa dende 2.001 ata 6.000 euros e a posibilidade de declarar a caducidade do título administrativo habilitante.

2. As sancións deberán graduarse tendo en conta os danos e prexuízos ocasionados, a intencionalidade e a reincidencia. Considérase reincidencia a comisión, no prazo dun ano, de máis dunha infracción administrativa da mesma natureza cando así fose declarado por resolución firme en vía administrativa.

En caso de infraccións cometidas no exercicio da actividade de taxi, as contías das sancións impoñeranse no seu terzo inferior, salvo as previstas nos apartados a) e g) do artigo 38.

3. As sancións anteriores enténdense sen prexuízo, se é o caso, da posibilidade de declarar a caducidade do correspondente título habilitante e a autorización, nos casos en que esta proceda por incumprir as condicións que xustificaron o seu outorgamento, ou as que resulten necesarias para o exercicio da actividade.

#### **ARTIGO 42. PROCEDIMIENTO SANCIONADOR**

1. O procedemento para a imposición de sancións será o establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como na normativa procedemental sancionadora que se dite en materia de transportes, e no regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, aprobado por real decreto 1398/1993, do 4 de agosto.



2. Antes do inicio do procedemento administrativo sancionador, o órgano competente, de oficio ou a instancia de parte, nos casos de urxencia, para protexer provisionalmente os intereses das persoas implicadas, pode adoptar as medidas axeitadas para este efecto.

Estas medidas deberán ser confirmadas, modificadas ou levantadas polo acordo de incoación do procedemento sancionador, que terá que se producir nos quince días seguintes ao da adopción do acordo.

3. Na execución das sancións atenderase á regulación do procedemento sancionador do título IX da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ao establecido no real decreto 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, e á normativa sobre recadación de tributos.

4. O prazo dentro do cal debe notificarse a resolución do procedemento sancionador é dun ano dende a data do acordo de incoación do correspondente expediente sancionador, sen que en caso algún poida entenderse iniciado aquel procedemento mediante a formulación do correspondente boletín de denuncia.

Unha vez transcorrido o devandito prazo, debe acordarse a caducidade do referido procedemento e o arquivo de todas as actuacións.

5. As infraccións cometidas polos titulares de títulos habilitantes e as sancións que se lles impoñan serán obxecto de anotación no rexistro de títulos habilitantes.

#### *ARTIGO 43. PRESCRICIÓN DAS INFRACCIÓNS E SANCIÓN*

1. As infraccións e sancións moi graves prescribirán aos tres anos; as graves, aos dous anos; e as leves, ao ano.

2. O prazo de prescrición das infraccións comezará a contarse dende o día en que a infracción se tivese cometido, e o das sancións, dende o día seguinte a aquel en que adquirise firmeza a resolución pola que se impón a sanción.

3. Interromperá a prescrición da infracción a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, e volverá transcorrer o prazo de prescrición se o expediente sancionador está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao presunto responsable.

No caso das sancións, a prescrición interromperase coa iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, e volverá transcorrer o prazo se o dito procedemento está paralizado durante máis dun mes por causa imputable ao infractor.



*DISPOSICIÓN TRANSITORIA*

1. No non previsto na presente ordenanza será de aplicación o disposto na Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículos de turismo de Galicia e supletoriamente a lexislación estatal.

2. Os titulares dos taxis dispoñerán dun prazo de catro anos para adaptar os vehículos á cor branca segundo o disposto no artigo 17.

*DISPOSICIÓN FINAL*

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e transcorrido o prazo establecido no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local”.

O Grove, 16 de febreiro de 2016.—O alcalde, José A. Cacabelos Rico.

